



**Estimadas familias:**

**Rematado o curso non queda máis que darvos a despedida. Toca recoñecer.**

**O Ceip P. O Grupo recoñece o esforzo descomunal que tivestes que facer pra adaptarvos a unha situación incerta e, asemade, nada desexábel.**

**Se pra os adultos resultou insufríbel, para as cativas e pra os cativos, probablemente o dobre. Non houbo máis que observalos atentamente naqueles primeiros días de lecer despois do confinamento.**

**Recoñecemos e pomos en valor os traballos cooperativo e colaborativo realizados entre as institucións e os centros educativos. Froito dese traballo conseguíuse levar conectividade e equipamento ás familias que o necesitaban.**

**Recoñecemos o valor e os valores máis prezados, os do noso alumnado. Solidariedade, amizade, traballo en equipo, esforzo e sacrificio foron os seus compañeiros de viaxe durante estes meses atípicos.**

**Pra elas e pra eles adicamos o meirande dos nosos aplausos.**

**Desexámosvos o mellor dos veráns.**

**Ceip P. O Grupo**